

LINGUA E LITERATURA

1 ESO

Agustín Fernández Paz
Ana Iglesias Álvarez
Anaír Rodríguez Rodríguez
Miguel Louzao Outeiro
Xabier Campos Villar
Xosé Manuel Moo Pedrosa

unidade_2

o_deporte



sumario

lectura e comentario	24
Normas de uso da <i>Wii Sports</i>	
tipos de textos	28
Normas e instrucións de uso	
o tecido da lingua	30
A adecuación	
técnicas da escrita	31
O tema e o título dun texto	
os nomes das cousas	32
O deporte: poñémonos en forma	
a lingua por dentro	34
O substantivo e o adxectivo	
letras e signos	38
A sílaba	
síntese	39
proba de avaliación	40

previo

- *Practicas algún deporte? Cal ou cales? Serías quen de explicar cales son as regras básicas deses deportes?*
- *Pensas que as persoas falamos sempre igual, ou cambiamos o noso xeito de expresarnos segundo quen sexa o noso interlocutor ou o tema de que esteamos a falar?*
- *Cal é o título da última película que viches no cine ou en DVD? Cal é o título das túas películas favoritas? Por certo, que é un título e para que serve?*

DEPORTES E OS SEUS MODOS

Neste xogo, as regras de certos deportes difiren parcialmente das súas regras oficiais. Algúns deportes contan con certos modos que só estarán dispoñibles despois de que xogases nalgún outro modo.

Nota: Nos deportes para xogar en equipo só se pode participar se interveñen tres ou máis xogadores.

Baloncesto

Tira a canastra e encesta para anotar puntos.

10 Como suxeitar o mando da Wii (xogadores destros)

Suxeita o mando da Wii de lado na man coa que vas lanzar, de modo que os botóns queden cara ao exterior.

**Lanzamentos**

- 15 Para coller o balón, suxeita o mando da Wii en posición horizontal, móveo para abaixo e pulsa o botón B. Eleva o mando da Wii por riba da túa cabeza e logo fai un lixeiro movemento coa man para lanzar o balón.

**Concurso de triplas**

- 20 – Número de xogadores: 1 a 4 por quendas (modo competitivo individual ou por equipos).
 – Pódese xogar cun só mando de Wii.
 – Dispoñible dende o inicio do xogo.

Tenta encestar tantos balóns como poidas dentro do límite de tempo. Suxeita o mando da Wii de lado, cos botóns, cara ao exterior e pulsa o botón B para coller o balón. Logo móveo por encima da túa cabeza para lanzar. Hai un total de 25 balóns para lanzar.

3 contra 3

- Número de xogadores: 1 ou 2 á vez (modo competitivo).
 30 – Precísase un mando de Wii para cada xogador.
 – Dispoñible despois de xogar no modo concurso de triplas.

Neste xogo enfróntanse dous equipos de 3 xogadores cada un. Cando teñas a posesión do balón, pulsa o botón A ou a cruz de control en calquera dirección para pasar o balón ou pulsa o botón B para lanzar a canastra.

- 35 Cando esteas defendendo, move o mando da Wii cara aos lados para tentar roubar o balón ou cara arriba para saltar e tentar facer un tapón.

Birlos

Para conseguir máis puntos, derruba todos os birlos que poidas nas 10 quendas das que disporás.


40 Como suxeitar o mando da Wii (xogadores destros)

Suxeita o mando da Wii de lado na man coa que vas lanzar.

Cambio de posición e dirección

Pulsa esquerda ou dereita para axustar a dirección do lanzamento ou a posición dende a que lanzas.

- 45 Pulsa arriba para achegar ou afastar a vista dos birlos. Pulsa o botón A para elixir se queres axustar a dirección do lanzamento ou a posición dende a que lanzas.

**Como lanzar a bóla (modo manual)**

- Suxeita o mando da Wii á altura do peito e mantén pulsado o botón B para poñerte en posición de lanzamento. Logo move o teu brazo cara atrás. Mantén pulsado o botón B e move o mando da Wii coma se quixes lanzar a bóla. Solta o botón B cando queiras deixala rodar. Se xiras o mando da Wii, conseguirás darlle efecto á bóla para que percorra unha traxectoria curva.

**Clásico**

- Número de xogadores: 1 a 4 por quendas (modo competitivo individual ou por equipos).
 – Pódese xogar cun só mando da Wii.
 60 – Dispoñible dende o inicio do xogo.

Suxeita o mando da Wii á altura do peito para situarte en posición de lanzamento. Mantén pulsado o botón B e move o mando da Wii coma se impulsases a bóla. Solta o botón B para deixala rodar. Se xiras o pulso mentres que moves o brazo, poderás darlle efecto á bóla.

65 100 birlos

- Número de xogadores: 1 a 4 por quendas (modo competitivo individual ou por equipos).
 – Pódese xogar cun só mando da Wii.
 – Dispoñible despois de xogar en modo clásico.

- 70 Aquí terás que derrubar non 10, senón 100 birlos! Os controis son os mesmos que no modo clásico.

Normas de uso da Wii Sports (adap.)



Comprendemos

- Explica o significado que teñen no texto estas palabras: *regras* (l. 2), *difiren* (l. 2), *destros* (l. 10), *quendas* (l. 20), *tapón* (l. 36), *rodar* (l. 53), *efecto* (l. 54). Se é preciso, podes consultar o dicionario.
- Responde brevemente estas cuestións:
 - Cantas persoas se precisan como mínimo para xogar en equipo?
 - Para que xogos abonda con ter un só mando da Wii?
 - E para cales se precisa un mando para cada participante?
 - Como se consegue unha traxectoria curva no xogo dos birlos?
 - Que modalidades ofrece cada un dos xogos explicados nas páxinas anteriores?
 - Cal cres que é a intención do texto da lectura?
- Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. Modifica o preciso nas falsas para convertelas en verdadeiras:

- As regras dos xogos da Wii correspóndense sempre coas regras oficiais dos deportes que imitan.
- As instrucións anteriores son válidas tanto para os xogadores destros coma para os zurdos.
- Tanto no baloncesto coma nos birlos dispós de 25 bólas para lanzar.
- Para roubar a bóla no xogo do baloncesto hai que mover o mando da Wii aos lados.

Expresámonos

- Imitando o texto da lectura, elabora as instrucións do teu xogo preferido. A seguir telas que ler en voz alta sen mencionar o nome do xogo e procurar que os teus compañeiros o adiviñen.
- Prefires os deportes de sempre ou os xogos na consola? Organizade un debate no que participe toda a aula sobre este tema. Seguíde estas indicacións:
 - Nomeade alguén que modere o debate e reparta as quendas de palabra.
 - Respectade a todos os participantes, por moito que teñan opinións contrarias ás vosas.
 - Non acaparedes todo o tempo para vós, pensade que toda a aula ten que participar.
- Inventa un novo deporte, que pode ser a combinación dalgúns xa existentes. Ponlle nome, descríbeo e achega catro regras básicas para xogar.

Debate: discusión oral sobre un tema determinado. Ademais das persoas que interveñen dando a súa opinión, debe haber un moderador que organice e dirixa o debate.

Ampliamos

- Repara nestas palabras do texto: *regras* (l. 2), *dispoñibles* (l. 4) e *triplas* (l. 19). Completa os seguintes ocos con *l* ou *r*:

b__ando f__amenco g__ándula c__avar p__ural
b__usa f__etar g__avación c__onar p__eito

- Controis* (l. 70) é o plural de *control* (l. 33), unha palabra aguda rematada en *-l*. No caso das palabras graves rematadas en *-l* fórmase o plural engadindo *-es*, do mesmo xeito que nos monosílabos que rematan en *-l*. Forma ti o plural destoutros substantivos e adxectivos rematados en *-l*:

caracol		téxtil	
sol		col	
animal		fácil	
xenial		ril	
útil		terminal	

- Identificar os **ditongos** e **hiatos** é moi importante para a acentuación das palabras e tamén para a súa segmentación. Subliña e clasifica os ditongos e hiatos destas palabras da lectura e segméntaas en sílabas:

DESPOIS OUTRO SUXEITAR COA MÓVEO
 POSICIÓN SEUS SÚAS MÁIS POIDA

- Balconcesto* (l. 8) é unha palabra composta que está formada polos lexemas *balón* e *cesto*. Achega ti outras cinco palabras compostas pertencentes ao ámbito dos deportes e indica os lexemas que forman cada unha.

Investigamos

- Busca información en Internet ou nunha enciclopedia sobre as orixes do baloncesto e dos birlos. Podes completar o seguinte cadro:

	Balconcesto	Birlos
País de orixe		
Data do seu nacemento		
Diferenzas con respecto á actualidade		



Función apelativa: cando se utiliza a linguaxe para tentar influír no comportamento do receptor da mensaxe para que este actúe.

Normas e instrucións de uso

En moitos casos, na vida cotiá vémonos na obriga de utilizar un tipo peculiar de textos: as explicacións para preparar unha sopa, as regras dun xogo de ordenador, a descrición dos pasos de montaxe dalgún aparello... Todos eles son textos que conteñen instrucións e pretenden orientarnos na realización dunha actividade concreta, ordenando unha serie de pasos dun xeito lóxico.

As **instrucións** son unha clase especial de textos expositivos: teñen unha **función informativa**, pero tamén hai neles unha **función apelativa**.

Características dos textos de instrucións:

Orde É o elemento esencial, xa que nas instrucións sempre se detallan accións secuenciais, é dicir, encadeadas unhas tras doutras.

A orde pode conseguirse numerando os pasos que se deben seguir (1, 2, 3...) ou ben indicando eses pasos mediante adverbios e locucións adverbiais: *en primeiro lugar, a continuación, despois, finalmente etc.*

Sinxeleza e claridade Un texto deste tipo debe ser extremadamente claro: usar unha sintaxe sinxela e un vocabulario comprensible, fuxindo de tecnicismos innecesarios.

Os verbos En xeral as instrucións admiten estes tempos verbais:

- O **infinitivo**: *abrir a tapa superior e premar o botón.*
- O **imperativo**: *introduce o cartucho de impresión e cerra a cuberta superior da impresora (ou introduce o cartucho... e cerre..., se usamos o tratamento de cortesía).*
- Tamén se utilizan outros tempos verbais (presente, futuro, formas de subxuntivo, perífrases etc.) para indicar accións secundarias que son consecuencia da orde principal.

O habitual é manter ao longo de todo o texto a mesma forma verbal.

1. Paréceche que a lectura sobre os xogos da Wii é un texto instrutivo? Por que?

INSTRUCCIÓNS PARA A INSTALACIÓN DO SOFTWARE LIBRE OPENOFFICE

1. Executar o ficheiro de instalación.
2. Premar en **SEGUINTE** (next) na pantalla de benvida.
3. Elixir o cartafol de destino onde se descomprimirán os ficheiros de instalación do **OPENOFFICE**.
4. Premar en **DESCOMPRI**M.
5. Premar en **SEGUINTE** na pantalla de benvida á instalación.
6. Ler a licenza e escoller **ACEPTO** os termos da licenza. Premar en **SEGUINTE**.
7. Encher o formulario da pantalla Información do usuario, e premar en **SEGUINTE**.
8. Escoller Instalación completa e premar en **SEGUINTE**.
9. Escoller os tipos de documentos que desexa utilizar con **OPENOFFICE.ORG**. Premar en **SEGUINTE**.
10. Continuar a instalación: premar en **INSTALAR**.
11. Ao finalizar, premar en **CONCLUIR**.



software libre e en galego
un novo complemento
para o teu computador

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

OpenOffice.org
versión 2.0

www.maisinternetmaisgalego.org www.mancomun.org

O software libre está formado polos programas que teñen unha licenza que lle dá a quen reciba unha copia do programa a liberdade de executalo, estudalo o seu funcionamento, adaptalo ás súas necesidades, redistribuír copias e melloralo.

Croquetas de xamón

- Ingredientes**
- Xamón
 - Fariña
 - Leite
 - Pirixel
 - Allo
 - Ovo batido
 - Aceite de oliva
 - Pan relado
 - Sal

- Adoita _____ o xamón cocido ou ao forno sobranste dunha comida anterior (pode _____ por outro ingrediente como polo, bacallau, bonito etc).
1. _____ o pirixel moi miudiño e _____ co xamón tamén ben picado.
 2. Nunha tarteira _____ un chorro de aceite e poñer o allo picado moi miúdo a _____.
 3. Botar a fariña removendo continuamente.
 4. Engadir o leite sen deixar de _____ cunha culler de madeira (a relación será de catro culleradas de fariña por cada medio litro de leite).
 5. Cando a masa estea homoxénea, _____ o xamón e o pirixel mesturados, remover outra vez, _____ a gusto, quitar do lume e deixar atemperar.
 6. Cunha culler ir facendo as boliñas e envolvelas, nesta orde, na fariña, no ovo e no pan relado.
 7. Chegados a este punto, podemos _____ as croquetas para telas dispoñibles en calquera momento; ou fritilas na tixola con aceite ben quente.



2. As receitas de cociña son un bo exemplo de textos nos que salienta a intención comunicativa: buscan transmitir unha información útil, presentándoa do xeito máis claro posible.
 - Completa o texto da anterior receita cos verbos deste recadro laranxa. Lembra que debes seguir as normas que demos para os textos instrutivos.

PICAR, CONXELAR, APROVEITARSE, BOTAR, REMOVER, SUBSTITUIRSE, MESTURAR, SALGAR, DOURAR, ENGADIR

3. Seguindo o modelo da receita anterior, e tendo en conta todo o que xa sabes dos textos instrutivos, elabora a receita da túa comida preferida (pode ser tamén unha sobremesa). Podedes xuntar as receitas de toda a clase para ter o libro de receitas da aula.
4. Outra das cuestións esenciais nun texto de instrucións é a orde. Escribe no teu caderno, na orde adecuada, as instrucións que aparecen na marxe, necesarias para copiar un arquivo do ordenador nunha memoria extraíble ou nun CD.
 - Como usar unha lavadora, un lavalouzas, un forno eléctrico, un microondas, un batedor, unha ola rápida, unha cafeteira eléctrica...
 - Tamén podedes incluír exemplos prácticos de situacións de primeira necesidade, como fritir un ovo, facer unha tortilla de patacas, coser un botón...
5. Imos confeccionar un manual de supervivencia da mocidade independente. Facede grupos para elaborar as instrucións de manexo dos diferentes electrodomésticos dunha casa:
 - Logo, con todas as instrucións, elaborade o «manual de supervivencia».

- seleccionar a opción enviar a CD ou enviar a unidade hd
- abrir o explorador de arquivos
- seleccionar o arquivo que se quere copiar
- seleccionar o directorio desexado
- premar o botón dereito do rato

A adecuación

A **adecuación textual** consiste en saber escoller a **variedade lingüística** e o **rexistro** (do coloquial ao formal) apropiados para cada situación de comunicación.

A escolla lingüística vai depender dos seguintes factores:

- **Contexto:** formal (por exemplo, na aula co profesor ou profesora), ou informal (na rúa con amizades).
- **Tema:** cotián (relato dunha anécdota), académico (resposta dun exame).
- **Destinatario:** grao de familiaridade, idade...
- **Intención comunicativa:** informar, ordenar, persuadir, divertir...

1. Analiza cada un dos factores que inflúen na escolla lingüística deste fragmento. Pódese dicir que é un texto adecuado ao contexto de fala?
 - Localiza o léxico propio do rexistro informal e propón, sempre que sexa posible, expresións formais equivalentes.



—Claudia?
 —Si? Quen?
 —Teo. Chamáchesme ao Interpizza?
 —Chamei. Oes, que tipo máis borde o que me atendeu, non?
 5 —Era o xefe. Un desgraciado integral. Tranqui, a partir de agora será máis educado. Que me querías?
 —Nada, falar contigo.
 —Falar? Só falar?
 —Si. Estaba aburrida e...
 10 — Só me chamas porque estás aburrida? Pensas que son un circo?
 —Oes, non te poñas borde ti tamén, eh? Que puiden chamar a Brad Pitt e chameite a ti.
 —Elixiches moi ben.
 —Que fas domingo?
 15 —Domingo xogamos na Fraguela. Apáñate para ir, se me queres ver.
 —Moi simpático! Pero para ir á Fraguela teño que facer unha movida; meus pais andan algo moscas, porque cateei un quilo.
 —Pois faina. E para outra vez, non catees. Ás cinco.
 —Xa te tes que ir?
 20 —Non me pagan por darlle ao pico.

M. Lourenzo González: *O que é a vida*

- noivo/noiva
- namorarse
- gustar algo ou alguén
- amigo
- diñeiro
- estar despistado

2. A xente nova adoita utilizar un vocabulario característico propio da súa idade. Indica como se din na xerxa xuvenil as palabras e expresións da marxe.
 - Completa a lista con outros termos que coñezas e escribe un sinónimo máis formal para cada un deles.

O tema e o título dun texto

Como recoñecer o tema dun texto

O **tema** dun texto é o asunto fundamental do que trata. Adoita expresarse mediante unha frase breve que recolla a idea central do escrito.

O QUE DEBES FACER	O QUE NON DEBES FACER
– Formular a pregunta: «de que trata o texto?»	– Escribir un resumo breve.
– A resposta adoita ser un substantivo que pode estar seguido doutros elementos que precisen o seu significado.	– Identificar o tema co título.

Como poñerlle título a un texto

O **título** é unha palabra ou frase breve con que se dá a coñecer o asunto ou materia do que trata un libro, un capítulo ou un texto.

O título pode anticipar contidos, insinuar o tema, intrigar ao lector...

O QUE DEBES FACER	O QUE NON DEBES FACER
– Ser breve: na maior parte dos casos, cinco ou seis palabras abundan.	– Identificar o título co tema, aínda que este debe estar recollido.
– Evitar no posible o emprego de verbos. Pódense utilizar dous puntos ou frases co verbo elidido.	– Non abusar dos títulos subxectivos.

1. Cal é o tema deste texto? Ponlle un título alternativo.

OS EXCESOS NUNCA FORON BOS

Para acadar o éxito escolar tamén é necesaria unha boa organización das actividades extraescolares.

O alumnado de ensinanza obrigatoria realiza actividades extraescolares dunha maneira organizada e permanente fóra do horario escolar. A gran maioría opta pola práctica deportiva, mentres que outros se decantan pola música, a danza, a pintura ou os idiomas. Os estudos realizados sobre a repercusión destas actividades nos alumnos indican que se están ben organizadas e estruturadas poden beneficiar o rendemento académico e favorecer o desenvolvemento da madurez e de distintas competencias interpersoais e sociais.

Non obstante, os excesos non son beneficiosos. Ocupar todas as horas que transcorren dende que os nenos abandonan a escola até que finaliza o día implica un difícil labor de conciliación de horarios para os pais e pode repercutir de forma negativa nos alumnos. Unha axenda sobrecargada acentuará o cansazo do estudante e a falta de concentración para cumprir co seu horario de estudo e pode ser orixe de situacións de tensión. Polo tanto, a organización e moderación das actividades extraescolares é a mellor garantía de éxito.

O tema adoita tratarse en todos os apartados dun texto e o máis habitual é que estea presente no primeiro parágrafo.

O deporte: poñémonos en forma

Sabías que...?


Nos Xogos Olímpicos cada deporte ten o seu propio pictograma: un pequeno símbolo que o identifica visualmente, sen recorrer a idiomas ou alfabetos. Como ocorre coas tipografías, cada un deses pictogramas debe ser claramente distinto aos demais, para que se poida recoñecer sen dificultade, pero o conxunto debe manter certa cohesión e unidade de estilo. Estes son algúns exemplos de pictogramas.

1. A profesora de educación física publicou esta anotación no blog do instituto. Identifícase cada pictograma co deporte que representa.
2. Clasifica este léxico segundo o deporte ou deportes co que estea relacionado:

rúa, argolas, bolboreta, canastra, adestrador, poldro, afeccionado, capitá, céspede, dianteiro, costas, braza, xute, dobres, tripla, contrarreloxo, crol, cadea, mergullo, meta voante, plinto

3. **NO XIMNASIO.** Esta é a táboa de exercicios que che recomendaron facer no teu ximnasio para manterte en forma. Explica en que consiste cada exercicio segundo o seguinte modelo. O vocabulario da marxe servirache de axuda.

1. Deitada boca arriba, cunha perna flexionada, ergue a outra e estíraa até poñer o xeonllo recto.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.



Deitar / Tombar
Erguer
Estirar / Estarricar
Contraer
Flexionar
Axeonllar
Subir
Baixar
Estender

4. Nomea cada unha das seguintes pezas de roupa deportiva:




O substantivo

Os **substantivos** son unha clase de palabras que se emprega para nomear os seres vivos, as cousas inanimadas e as ideas.

Clasificación semántica dos substantivos

- Comúns:** refírense a calquera obxecto dunha especie (*rapaz, vila...*)
- Propios:** individualizan un elemento da especie. Levan letra inicial maiúscula (*Paulo, Allariz...*)
- Concretos:** designan seres ou cousas perceptibles polos sentidos (*árbore, man...*)
- Abstractos:** designan ideas, entidades que só podemos coñecer mediante o pensamento (*beleza, sabedoría...*)
- Contables:** designan cousas ou seres que se poden contar (*flor, libro...*)
- Non contables:** designan cousas que non se poden contar, aínda que algúns se poidan medir ou pesar (*auga, vento...*)
- Individuais:** fan referencia, en singular, a un só elemento (*ovella, farol...*)
- Colectivos:** en singular refírense a un conxunto de varios individuos dunha mesma especie (*ra-baño, arquipélago...*)



1. Clasifica os substantivos do texto destacados en azul segundo o esquema anterior:



Paio estaba como nunha nube, pois todo o que pasara dende o aniversario de Ana enchéralle a **cabeza** de paxariños e botáralle o corazón a galope. Ana é **fantástica, perfecta**. A partir de agora as cousas xa non serán igual, serán moito mellor. O luns atrevérase a dicirlle que lle gustaba moito. Claro que llo dixera e liscara correndo, coma se tivese **vergonza** ou **medo** de que a ela lle parecese mal, pero dixérallo, que xa era un paso. E el sabía ben o que lle custara ese paso. Ela quedara **sorprendida** e non puidera responderlle nada, pero tamén é certo que no resto da semana estivo máis **pendente** del ca nunca, así que...

Pero hoxe hai un **partido difícil**. Toca xogar co segundo clasificado. Antes de saír da casa, seu pai xa lle repetiu un par de veces que se concentre, que pense no partido: «Agora toca xogar e non penses noutra cousa. Contra os **bos equipos** é máis fácil xogar ben. Pensa no que fas. E atende ao que eu che diga, que parece que non me oes nunca.»

Paio sentíase ben, con enerxías como para xogar dous partidos seguidos. Sentíase mellor ca nunca, máis optimista.

Silvestre Gómez Xurxo: *Déixao medrar*

O xénero

O **xénero** permite clasificar os substantivos en **masculinos** e **femininos**.

Os **substantivos variables** presentan diferenza entre masculino e feminino. Esta diferenza pódese marcar dos seguintes xeitos:

- Empregando distintas palabras: *o xenro – a nora; a ovella – o carneiro.*
- Mediante os determinantes e adxectivos que acompañan o substantivo: *o estudante – a estudante; cantante inglés – cantante inglesa.*
- Con distintos morfemas para o masculino e para o feminino, tal e como se amosa no seguinte cadro:

Formación do feminino

- Cando o substantivo masculino remata nunha vogal tónica ou en consoante engádeselle **-a**: *avó – avoa; escritor – escritora.*
- Cando o substantivo masculino remata en **-e** ou en **-o** átonos trocan esta vogal por un **-a**: *nenó – nena; presidente – presidenta.*
- Se o masculino remata en **-án**, nuns casos cámbiase esta terminación por **-ana** e noutros casos por **-á**: *laczán – laczana; curmán – curmá.*
- Se o masculino remata en **-ón**, nuns casos cámbiase esta terminación por **-ona** e noutros casos por **-oa**: *abusón – abusona; campión – campioa.*

2. Di cal é o feminino das seguintes palabras:

- | | | |
|--------------|-----------|------------|
| cabalo ▶ | papán ▶ | irmán ▶ |
| delineante ▶ | xefe ▶ | francés ▶ |
| director ▶ | artista ▶ | ourensán ▶ |

3. Clasifica os seguintes substantivos invariables segundo sexan masculinos ou femininos. Logo fai unha oración con cada un.

- | | |
|--------------|-------------|
| legume ▶ | lote ▶ |
| nespereira ▶ | ponte ▶ |
| peixe ▶ | chantaxe ▶ |
| exame ▶ | servidume ▶ |
| divindade ▶ | labor ▶ |
| erre ▶ | farinxite ▶ |
| mel ▶ | dor ▶ |

Por regra xeral, os substantivos rematados en **-án** fan o feminino en **-á**, e os rematados en **-ón** fan o feminino en **-oa**. Agás no caso dos termos despectivos, que fan o feminino en **-ana** e **-ona** respectivamente.

Os **substantivos invariables** ou ben son femininos ou masculinos. Ás veces, por interferencia co castelán, utilízase mal o xénero dalgunhas palabras.

Algúns substantivos invariables masculinos

o dote, o costume, o cume, o arame, o couce, o leite, o nariz, o cárcere, o mel, o fel, o sangue, o diádema, o labor, o sal...

Algúns substantivos invariables femininos

a viaxe, a paisaxe, a análise, a paréntese, a apendicite, a pesadume, a servidume, a orixe, a ponte, a calor, a arte, a árbore, a orde, a dor, a cor...

O número

O **número** permite clasificar os substantivos en **singular** e **plural**.

- En singular refírense a un único elemento ou individuo dunha especie: *o libro, ese desaparefugador*.
- En plural refírense a máis dun individuo: *as rúas, doce caracois*.
- Hai substantivos que en singular designan varios elementos dunha mesma especie. Son os denominados substantivos colectivos: *rabaño* ('conxunto de ovellas').


Formación do plural

- Engádese **-s**:
 - Cando o substantivo singular remata en vogal, ditongo ou en consoante que non sexa *-r*, *-z*, *-s* ou *-l*: *cadro – cadros; xersei – xerseis; bailarín – bailaríns*.
- Engádese **-es**:
 - Ás agudas que rematan en *-s* no singular: *compás – compases*.
 - Se o substantivo remata en *-r* ou *-z*: *xogador – xogadores; raíz – raíces*.
 - Cando en singular rematan en *-l* e son monosílabas ou graves: *ríl – riles; fácil – fáciles*.
- Cámbiase o **-l** por **-is**:
 - Se rematan en *-l* e son palabras polisílabas agudas: *canal – canaís; mandil – mandís*.
- Cando rematan en *-s* no singular e son graves ou esdrúxulas, en plural **non varían**: *o lapis – os lapis; o mércores – os mércores*.

4. Escribe o plural das seguintes palabras:

<i>lateral</i>	<i>rede</i>	<i>baúl</i>	<i>téxtil</i>	<i>paquistaní</i>
<i>mar</i>	<i>dolmen</i>	<i>mísil</i>	<i>pantalón</i>	<i>mazá</i>
<i>mandril</i>	<i>rei</i>	<i>canibal</i>	<i>mes</i>	<i>lapis</i>

5. **BÓLAS E CARAMBOLAS.** As bólas verdes son determinantes, as azuis substantivos e as amarelas adxectivos. Fai carambolas para obter frases formadas por **determinante + substantivo + adxectivo**. Non esquezas que teñen que concordar en xénero e número.



Os determinantes e adxectivos que acompañan o substantivo deben concordar con el en xénero e número:

- *Un periódico vello* (xénero masculino; número singular).
- *Unhas revistas vellas* (xénero feminino; número plural).




O adxectivo

Os **adxectivos** son unha clase de palabras que se empregan para indicar as calidades dun substantivo.

- **Epítetos ou explicativos** A calidade que indican é habitual dese substantivo: *noite escura, rocha dura...*
- **Especificativos** A calidade non é habitual dese substantivo, senón que axuda a individualizalo dentro dun grupo de posibilidades: *pared vermella, rapaces atentos...*

6. Di a que substantivo modifican os adxectivos marcados en verde no texto da páxina 34.

- Son explicativos ou especificativos? Razona a túa resposta.



Os adxectivos poden expresar as calidades do substantivo con maior ou menor intensidade, por iso se di que o adxectivo ten distintos graos.

Graos do adxectivo

- **Grao positivo** A calidade indícase sen comparar e sen intensificar: *un can intelixente*.
- **Grao comparativo** A calidade que se expresa compárase con esa mesma calidade doutros substantivos. A comparación pode ser de **igualdade** (*un can tan intelixente coma o teu*); de **superioridade** (*un can máis intelixente ca o teu*), ou de **inferioridade** (*un can menos intelixente ca o teu*).
- **Grao superlativo** A calidade intensifícase e exprésase no seu grao máis elevado. Pode ser **absoluto** (*un can intelixentísimo; un can moi intelixente*) ou **relativo**, se se compara con outros substantivos (*o can máis intelixente do mundo*).


7. Sinala todos os adxectivos que aparecen no poema de Celso Emilio e comproba que coincidan en xénero e número co substantivo que cualifican. Logo, refai o poema poñendo eses adxectivos en grao superlativo.

Ollaime ben, eu son unha árbore triste
 feita de escura terra.
 Un segredo de outonos e de lúas
 pola raíz me chega.
 Un agoiro de paxaros durmidos
 nas miñas pólas medra.
 Celso Emilio Ferreiro

Cando dous ou máis substantivos van coordinados concordan co adxectivo do seguinte xeito:

- fem. + fem. ► fem.
A ventá e a porta vermellas
- masc. + masc. ► masc.
O caderno e o libro vermellos
- fem. + masc. ► masc.
A ventá e o libro vermellos

A **frase adxectiva** está formada por un **adxectivo** e por un **modificador**.



Todas as sílabas teñen que levar algunha vogal. Non hai sílabas formadas só por consoantes.

A sílaba

As **sílabas** son os grupos de letras que coinciden con cada golpe de voz que damos ao pronunciar unha palabra. A sílaba que se pronuncia con máis forza nunha palabra é a sílaba **tónica** (*i-ró-ni-co*; *mi-ú-do*). As outras son sílabas **átonas** (*i-ró-ni-co*; *mi-ú-do*).

Segundo o número de sílabas que teñan, as palabras poden ser:

- **Monosílabas** (unha soa sílaba): *sol*, *si*, *flor*.
- **Bisílabas** (dúas sílabas): *de-do*, *tí-a*, *fei-to*.
- **Trisílabas** (tres sílabas): *fi-ún-cho*, *to-ma-te*, *ri-bei-ra*.
- **Polisílabas** (máis de tres sílabas): *bi-blio-te-ca*, *xe-ne-ra-li-zar*, *mo-bi-li-za-ción*.

A Comunidade Europea fixo onte un chamamento a converter en «accións concretas» os compromisos contra a pobreza acordados este ano en Europa. Con motivo do Día internacional para a erradicación da pobreza, o Executivo comunitario recordou que aínda que a Unión Europea «é unha das rexións máis ricas do mundo, máis de 84 millóns de persoas están ameazadas pola pobreza».

Galicia Hoxe

1. Le con detemento o texto anterior. Despois copia un cadro coma este no teu caderno e clasifica as palabras subliñadas polo número de sílabas que teñan.

MONOSÍLABAS	BISÍLABAS	TRISÍLABAS	POLISÍLABAS


Ditongo, tritongo e hiato

- Cando dúas vogais van xuntas nunha palabra e pertencen á mesma sílaba, prodúcese un **ditongo**: *pa-cien-cia*; *coi-da-do*; *fei-ti-cei-ro*.
- Se son tres as vogais que coinciden na mesma sílaba, prodúcese un **tritongo**: *cor-diais*; *U-ru-guai*.
- Pola contra, prodúcese **hiato** cando coinciden dúas vogais xuntas nunha mesma palabra e se pronuncian en sílabas distintas: *a-é-re-o*; *ru-í-do*; *fe-o*.

ROSEIRA, XUDEU, CEO,
RAÍÑA, HISTORIA, CENTEO,
LEITE, SOIDADE, CHEO, XUDÍA,
XEONLLO, POEMA, OUTRA, RÚA

2. Clasifica as palabras do cadro da marxe segundo teñan ditongo ou hiato.

3. Toma boa nota, porque tes que escribir sete palabras e, en cada unha delas, unha sílaba tónica ten que coincidir cunha nota musical.



Tipos de textos

- As normas e instrucións de uso son textos expositivos que pretenden orientarnos na realización dunha actividade concreta, ordenando unha serie de pasos dun xeito lóxico. Teñen unha **función informativa**, pero tamén hai neles unha **función apelativa**.
- Características dos textos de instrucións:
 - **Orde**: sempre se detallan accións secuenciais, é dicir, encadeadas unhas tras doutras. Poden numerarse os pasos que se deben seguir ou indicar eses pasos mediante adverbios e locucións adverbiais.
 - **Sinxeleza e claridade**: uso dunha sintaxe sinxela e un vocabulario comprensible, sen tecnicismos innecesarios.
 - **Verbos**: en xeral, as instrucións admiten o infinitivo e o imperativo, aínda que tamén se utilizan outros tempos verbais (presente, futuro, formas de subxuntivo, perífrases etc.) para indicar accións secundarias que son consecuencia da orde principal.

O tecido da lingua

- A **adecuación textual** consiste en saber escoller a **variedade lingüística** e o **rexistro** (do coloquial ao formal) apropiados para cada situación de comunicación.
- A escolla lingüística depende dos seguintes factores:
 - Contexto: formal ou informal.
 - Tema: cotián ou académico.
 - Destinatario: grao de familiaridade, idade...
 - Intención comunicativa: informar, ordenar, persuadir, divertir...

Técnicas da escrita

- O **tema** dun texto é o asunto fundamental do que trata. Adoita expresarse mediante unha frase breve que recolla a idea central do escrito.
- O **título** é unha palabra ou frase breve con que se dá a coñecer o asunto ou materia do que trata un libro, un capítulo ou un texto.

A lingua por dentro

- Os **substantivos** son unha clase de palabras que se emprega para nomear os seres vivos, as cousas inanimadas e as ideas.
- Clasificación semántica dos substantivos:
 - Comúns: refírense a calquera obxecto dunha especie.
 - Propios: individualizan un elemento da especie.
 - Concretos: designan seres ou cousas perceptibles polos sentidos.

- Abstractos: designan ideas, entidades que só podemos coñecer mediante o pensamento.
- Contables: designan cousas ou seres que se poden contar.
- Non contables: designan cousas que non se poden contar, aínda que algúns se poidan medir ou pesar.
- Individuais: fan referencia, en singular, a un só elemento.
- Colectivos: en singular refírense a un conxunto de varios individuos dunha mesma especie.
- O **xénero** permite clasificar os substantivos en **masculinos** e **femininos**.
- Os **substantivos variables** presentan diferenza entre masculino e feminino. Esta diferenza pódese marcar empregando distintas palabras, mediante os determinantes e adxectivos que acompañan o substantivo ou con distintos morfemas para o masculino e para o feminino.
- O **número** permite clasificar os substantivos en **singular** e **plural**.
 - En singular refírense a un único elemento ou individuo dunha especie.
 - En plural refírense a máis dun individuo.
 - Os substantivos colectivos designan, en singular, varios elementos dunha mesma especie.
- Os **adxectivos** indican as calidades dun substantivo.
- Os adxectivos poden expresar as calidades do substantivo con maior ou menor intensidade, dependendo do seu grao:
 - Grao **positivo**: a calidade indícase sen comparar e sen intensificar.
 - Grao **comparativo**: a calidade que se expresa compárase con esa mesma calidade doutros substantivos. A comparación pode ser de igualdade, de superioridade ou de inferioridade.
 - Grao **superlativo**: a calidade intensifícase e exprésase no seu grao máis elevado. Pode ser absoluto ou relativo.

Letras e signos

- As **sílabas** son os grupos de letras que coinciden con cada golpe de voz que damos ao pronunciar unha palabra.
- A sílaba que se pronuncia con máis forza nunha palabra é a sílaba **tónica**. As outras son sílabas **átonas**.
- Segundo o número de sílabas que teñan, as palabras poden ser: **monosílabas** (unha soa sílaba), **bisílabas** (dúas sílabas), **trisílabas** (tres sílabas) ou **polisílabas** (máis de tres sílabas).
- **Ditongo**: cando dúas vogais van xuntas nunha palabra e pertencen á mesma sílaba.
- **Tritongo**: se son tres as vogais que coinciden na mesma sílaba.
- **Hiato**: cando coinciden dúas vogais xuntas nunha mesma palabra e se pronuncian en sílabas distintas.

Adestrar mal, lesión segura

O meu obxectivo hoxe é que os xogadores, xogadoras e adestradores entendan a importancia de levar a cabo un adestramento correcto e regular para evitar lesións musculares. É unha gran verdade o dito: «Unha cousa é ir ao adestramento, que van moitos, e outra ir adestrar, que o facemos poucos.»

- Gustaríame dar uns consellos ou recomendacións que todo o mundo pode levar a cabo durante os adestramentos, xa que son moi sinxelos e van evitar ter maniotas ou outras lesións máis inoportunas, como escordaduras, sobrecargas musculares, contracturas ou cambras.
1. Chegar aos adestramentos descansados (na medida do posible) e con tempo para poder mudarse con tranquilidade. Unha bota mal atada ou mal posta pode traer consecuencias.
 2. Quecer moi ben as articulacións con diferentes exercicios para evitar escordaduras, distensións etc.
 - 10 3. Quecer o resto do corpo de forma axeitada (progresivamente, con corrección postural) segundo as indicacións do adestrador, cos seus respectivos tempos de recuperación que hai que aproveitar para osixenar ben a musculatura.
 4. Unha vez no adestramento, non parar durante moito tempo (durante as instrucións, exercicios tácticos...). Cómpre permanecer en movemento para non arrefriar.
 5. Saber parar e dicir basta se un está forzando demasiado ou ante calquera síntoma de mareo. Parar a tempo pode evitar unha lesión ou facela o menos importante posible.
 - 15 6. Hidratarse ben, moi importante en calquera deporte.
 7. Alimentarse adecuadamente para recuperar o xusto e necesario.
 8. Durante o adestramento e ao finalizar, estarricar ben pero con prudencia.

Pablo Mouro, *Diario Dixital da Costa da Morte* (www.quepasanacosta.com) (adap.)

1. O texto anterior é un exemplo de texto instrutivo. Que se pretende con este tipo de textos?
 - Que características propias dos textos instrutivos observas neste fragmento?
2. ...outras lesións máis inoportunas como escordaduras, sobrecargas musculares, contracturas ou cambras (l. 5-6)
 - O texto de lectura utiliza un léxico coloquial para adecuarse aos seus destinatarios maioritarios. Así, utilízase a palabra *escordadura* e non *luxación*, ou *cambra* e non *contracción de fibras*.
 - Agrupa as palabras da seguinte listaxe que teñan o mesmo significado, verás que comparten significado pero pertencen a rexistros lingüísticos diferentes.
proxenitora, espichar, nai, chalado, morrer, mamá, demente, falecer, tolo
3. Cal é o tema do texto de lectura?
 - O fragmento leva por título «Adestrar mal, lesión segura». Ponlle ti un título alternativo.
4. Busca na lectura un termo adecuado para estas definicións que comece pola letra que se indica en cada caso:
 - *Dor que se sente nalgunha parte do corpo a causa do exercicio físico violento ou prolongado, pasado un certo tempo dende a realización deste.* **M** _____
 - *Preparar os deportistas para que estean en forma e manteñan a disciplina mediante exercicios adecuados.* **A** _____
 - *Lesión que consiste en mover do sitio un óso da articulación ou un tendón dunha parte do corpo.* **E** _____
 - *Contracción involuntaria, dolorosa e xeralmente de curta duración, de certos músculos.* **C** _____
 - *Facer exercicios físicos para entrar en calor.* **Q** _____
 - *Coller frío.* **A** _____
 - *Estender os brazos e as pernas do corpo para desentumecelos.* **E** _____
5. ...xogadores, xogadoras e adestradores (l. 1)
 - Indica o xénero das seguintes palabras: *nariz, irmá, análise, ponte, sal, cárcere, papel, futbolista, calor, leite, árbore, mísil, egua, arte, alemán*.
 - Agora escribe as palabras anteriores en plural.
6. ...xa que son *moi sinxelos* (l. 4-5)
 - En *moi sinxelos* o adxectivo aparece en grao superlativo absoluto. Di de que tipo son os adxectivos destas oracións:
 - *É unha persoa amable.*
 - *Puxéronnos o exame máis difícil do mundo.*
 - *A película é menos emocionante ca o libro.*
7. Separa en sílabas as palabras do consello número 1. Hai algún ditongo? E algún hiato? Cales?